Dáse conta da interposición de recurso no Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela: Procedemento DF DERECHOS FUNDAMENTALES 0000243/2018, de Maxo Messod Benalal Bendrihem, contra o acordo do pleno ordinario de data 31 de maio de 2018: APOIO AO POBO PALESTINO.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 6 DAR CONTA DA CIRCULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, APROBACIÓN POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA PROVISIONAL 1ª FASE

A Presidencia informa as persoas asistentes da circular recibida neste concello do Servizo de Xestión de Plans da Deputación da Coruña sobre a aprobación da 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) adicional 1/2018. POS + ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 1ª FASE, e correspondente a subvención solicitada a esa Deputación.

Relación dos expedientes que foron aprobados:

### PAGO A PROVEEDORES

CONCELLO	TOTAL CAPÍTULO II	TOTAL CAPÍTULO VI	TOTAL
RIANXO	3.214,29	13.931,91	17.146,20

### RELACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

CONCELLO	CÓDIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
RIANXO	18.2001.0716.0	Restauración de pavimento Alameda de Rianxo	88.586,97	0,00	88.586,97
	18.2001.0717.0	Instalación dun ascensor na Casa do Mar	59.570,87	0,00	59.570,87
		TOTAL	148.157,84	0,00	148.157,84

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## 7 COLABORACIÓN CULTURAL CO CONCELLO DE CELANOVA: CELANOVA E RIANXO, VILAS LITERARIAS.

Visto o acordo adoptado polo Padroado da Fundación Curros Enríquez, en reunión que tivo lugar o día 05.08.2016, de dirixirse aos Concellos de Celanova e de Rianxo co fin de instar a ambas as dúas institucións a que poidan abordar iniciativas de colaboración conxunta no ámbito literario e cultural, sendo como son, ambas, dúas das vilas con meirande potencial literario de Galicia. Así

son lugares de nacemento de Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Castelao, Dieste, Manuel Antonio, entre outros.

Visto o acordo plenario do Concello de Celanova na sesión do 31 de xaneiro de dous mil dezasete na que se adoptou, entre outros, o acordo de establecer lazos de colaboración cultural entre o Concello de Celanova e o Concello de Rianxo, co vínculo cultural como aliciente, estendendo esta cooperación a outros ámbitos de dinamización social.

Propomos o pleno do Concello de Rianxo os seguintes acordos:

#### PRIMEIRO

Establecer lazos de colaboración cultural e social entre o Concello de Celanova e o Concello de Rianxo, para desenvolver un proxecto de vilas literarias e de actividade de cooperación conxunta arredor dos autores referenciais da nosa cultura nativos dos nosos concellos.

#### SEGUNDO

Dar traslado o presente acordo ao Concello de Celanova e á Fundación Curros Enríquez para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **8 SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA DESTINAR AS VIVENDAS DOS MESTRES DE ABUÍN - LEIRO A USOS SOCIAIS. EXP 2018/X999/000334**

O Concello de Rianxo é titular dun número total de dúas vivendas vinculadas a fins educativos, sitas na chamada Escola de Abuín - Leiro, con número de referencia catastral 000800500NH12B0001JS.

Actualmente as mencionadas vivendas non son precisas para ditos fins, presentando un estado de abandono que desaconsella a día de hoxe a súa ocupación sen efectuar unha reforma previa.

O Decreto 250/1988, de 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo artigo 6 sinala que: "A Consellería de educación e Ordenación Universitaria, a petición dos concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade escolar."

De conformidade co establecido no apartado 2 da disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, é preceptiva a autorización previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que os edificios escolares poidan destinarse a outros servizos ou finalidades.

Estimándose de interese seguir os trámites necesarios para a desvinculación das vivendas a fins educativos e poder así destinalo a usos sociais do Concello de Rianxo.

Solicitado informe á Secretaria municipal sobre o procedemento a seguir emitíuse con data 18 de setembro de 2018 no que se informa :

“ Conclue No tocante ao destino que se pretende pola Alcaldía, deben verificar polos servizos técnicos de urbanismo, a súa concordancia coa normativa e planeamento urbanístico vixente.

Para seguir coa tramitación do expediente que corresponda, deberase:

1. Adopción de acordo polo pleno municipal.
2. Deberá comunicarse ao órgano autonómico competente para a concesión da autorización previa cara a desvinculación do ben do fin educativo.
3. Unha vez efectuadas as anteriores actuacións, seguirase o procedemento oportuno.”

En tanto o pretendido sería que as vivendas continuaran no dominio público máis vinculadas a outro fin, de carácter municipal, estaríamos ante unha futura mutación demanial no caso de acadar a autorización indicada que conlevará unha rectificación do inventario, ambos expedientes de competencia plenaria.

Polo exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, como órgano competente respecto da cualificación xurídica dos bens da súa propiedade e sobre o inventario municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

#### ÚNICO

Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar as vivendas localizadas na Escola de Abuín - Leiro, por non ser precisas xa para o fin de casa-habitación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e 2 abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

### **9 SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRÚIDO EN CONCELLO DE MENOS DE 50.000 HABITANTES: ADQUISICIÓN DO PAZO DE RIANXIÑO**

O IGVS o 20 de setembro de 2016 crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de

actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

Mediante a Resolución da presidenta do IGVS do 15 de marzo de 2018 regúlase o procedemento de acceso ao Fondo de cooperación para a anualidade de 2018.

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo con data 5 de abril de 2018, acordou iniciar expediente de adquisición do inmovible do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda.

REFERENCIA CATASTRAL: 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA: 10226 m2 segundo catastro, 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle.

LOCALIZACIÓN	REHABILITACIÓN	AMPLIACIÓN	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
PLANTA SOTO		66,92m2	66,92 m2
PLANTA BAIXA	251,39m2	500,31m2	751,70m2
PLANTA PRIMEIRA	245,11m2	436,27m2	681,38m2
TOTAL	496,50m2	1003,50m2	1500,00 m2

O chamado Pazo de Viturro foi edificado polo “mestre de arquitectura” Antonio Barros, no século XVIII. Foi herdado por Manuel Viturro Rivela, de Isorna; e logo pasou ao seu fillo, Manuel Viturro Posse (Noia, 1860). Actualmente o pazo pertence a unha Orde Relixiosa; e na súa finca atópase un grandioso hórreo integramente labrado en granito. Conta cun ampla finca como se acredita nos planos, con especies arbóreas e arbustivas importantes.

Manuel Viturro foi un personaxe de carácter impetuoso e caciquil, demostrado durante a súa etapa turbulenta de alcalde en Noia. A partir de 1904, ocupou a secretaría da Deputación da Coruña, destino no que puido satisfacer os seus intereses persoais. Foi considerado como home forte da política coruñesa. Prototipo do cacique ao que toda a vila debía pleitesía e enfrontado entre outros, á familia Castelao e a Arcos Moldes semella tamén un chisco de xustiza histórica que este lugar veña a servir á sociedade rianxeira e, en especial, a colectivos de maiores.

Pola relevancia para a sociedade rianxeira que vería colmada unha das súas principais reivindicacións dos últimos anos

Entre as Resolucións aprobadas pola X Asemblea Xeral da FEMP, celebrada en setembro de 2011, encóntrase a de promover a preservación e conservación do Patrimonio Histórico e Cultural, ... contribuíndo así á diversidade cultural, á mellora da calidade de vida ..., indispensábeis para posibilitar unhas condicións de vida adecuadas para os cidadáns... unha rica herdanza histórica

perante a que as Entidades Locais temos una irrenunciábel responsabilidade.

Tal e como informa o Arquitecto da Area de Rehabilitación Carlos Henrique Coto o 19/4/2018 :

Se non existise o Pazo dos Viturro, ou non estivera á venda, o CUSTO MUNICIPAL para obter un ben inmoible similar, sen ter en conta o valor patrimonial e o valor da construción dun pazo -hoxe impensábel coas técnicas actuais-, de similares características e superficies ao Pazo de Viturro, SERÍA DE 2.359.141 EUROS, tendo en conta que non se aplicarían os coeficientes de antigüidade que se reflicten na presente taxación pericial.

Como xa comentei anteriormente, nestes valores non está sumado o “Valor do ben como Patrimonio Cultural” que pasaría a ser patrimonio municipal, cuxo valor é superior ao caso actual no que, malia que é un patrimonio cultural do municipio de Rianxo de titularidade privada, cos límites que marca esa posesión do ben, en tanto en canto, o Concello de Rianxo non ten máis dispoñibilidade do edificio e da parcela dos que marca a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, en tanto, os propietarios están obrigados a permitir a entrada de investigadores, pero tamén dos cidadáns en xeral, marcando uns horarios de visita.

Non é igual que ese ben cultural sexa propiedade pública, dentro da que o propio concello pode dar entrada a actividades ou a visitas sen a limitación dun ben privado.

Falamos dun pazo, como edificación tipicamente galega, non existente noutras culturas, un símbolo dunha época concreta da historia de Galicia, e en concreto de Rianxo. Polo tanto, ten un Valor Engadido como Patrimonio Cultural, material e inmaterial.

Con data 27/03/2018 emítese Informe de técnico de idoneidade do Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto.

Con data 02/04/2018 emite Informe de técnico de viabilidade de uso da Arquitecta Ana I Piñeiro Esperante.

Con data 20/04/2018, o Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto, presenta unha taxación inmobiliaria da valoración do Pazo dos Viturro en Rianxiño por importe de 1.903.352,00€ .

Con data 16/05/2018, preséntase no concello co número RE 20180000003022, Tasación levada a cabo pola empresa TINSA, Tasaciones Inmobiliarias SAU, por importe de 1.841.372,45 €.

O 25/5/2018 a Secretaria e Interventora emiten informe a proposta de de Alcaldía o pleno de data 25 de maio.



Por acordo plenario de 31 de maio de 2018 acordouse facultar a Alcaldía a formalizar coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, un dereito de opción de compravenda exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite, o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros). Dereito de opción de compra por importe de 1600.000 formalizouse en escritura pública o 6 de xuño de 2018 coas actuais propietarias .

O 5/6/2018 a Dirección Xeral De Patrimonio Cultural emite informe favorable para a adquisición do pazo de Rianxiño por ser un ben de valor histórico ou artístico de acordo co previsto no artigo 272 da Lei de Administración Local de Galicia .

Estudada a Resolución de 15 de marzo de 2018 do IGVS pola que se convoca a anualidade 2018 Acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuación de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, esta alcaldía propón o pleno a adopción do seguinte acordo :

#### **PRIMEIRO**

**SOLICITAR** o IGVS o Acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuación de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para a seguinte actuación:

<b>Obxecto:</b> ADQUISICIÓN PAZO RIANXIÑO
<b>Orzamento total SEN ive :</b> 1.600.000 €
<b>Importe SOLICITADO CON CARGO AO FONDO DE COMPENSACIÓN</b> 1.600.000€
<b>Prazo de adquisición:</b> anualidade 2019 , estímase antes do 6 de xuño de 2019
<b>Prazo de reposición:</b> 8 ANOS
Anualidade 2019: 200.000€
Anualidade 2020: 200.000€
Anualidade 2021: 200.000€
Anualidade 2022: 200.000€
Anualidade 2023: 200.000€
Anualidade 2024: 200.000€
Anualidade 2025: 200.000€

Anualidade 2026: 200.000€

## **SEGUNDO**

Designar o Alcalde Adolfo Muíños Sánchez como persoa habilitada para realizar cantos trámites sexan necesarios ante o IGVS.

## **TERCEIRO**

Comprometerse a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

Comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

Comprometerse a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidera deberlles Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o entidades públicas instrumentais pertencentes a seu sector público.

Comprometerse a que o inmovible que se pretende adquirir vai a ser obxecto de rehabilitación, para o caso de adquisición dun inmovible.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, apróbase por unanimidade dos membros presentes que constitúen a corporación. Coa seguinte votación: 15 votos a favor (dos 5 concelleiros do grupo BNG, 4 do grupo PP e 4 do grupo PSOE e 2 de Rianxo en Común ), cero abstencións e cero votos en contra

## **10 MOCIÓN SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA NO CONCELLO.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estróxeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de

saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais intemos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza

Por todo isto a asociación *querENDO. Mulleres con endometriose* eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

1. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao **Sergas e á EOXI** correspondente para que proceda a
  - 1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).
  - 1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
  - 1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, ciruxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á **Consellería de sanidade** a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao **Ministerio de Sanidade** a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose

4. O Concello comprométese a solicitar aos **Institutos de Investigación públicos galegos** que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5. O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común ), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **11 MOCIÓN EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos.

Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesma maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. E notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza

apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espofados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas'

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto e que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería

existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas, Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é 'igual para todos' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**O Concello de Rianxo acorda:**

- 1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.**
- 2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor danos e violación de morada.**
- 3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.**
- 4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.**
- 5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN,

obtendo 7 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e 8 abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE ) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

Sendo as 9:05 h. ausentase o concelleiro do PSOE Martín Comojo Vicente.

## **12 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE, MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARÍN E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Grupo Municipal Socialista de Rianxo con CIF G-15969793, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **Moción do grupo municipal do PSOE para instar á Xunta de Galicia a adoptar urxentemente, medidas respecto á poboación crecente de xabarín e os danos causados por esta especie**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Polos continuos estragos producidos polo xabarín e que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan os agros nas contornas das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, reptís, anfibios, coellos,...). E mesmo riscos zosanitarios polo contaxio de enfermidades (como a tuberculose, peste porcina,...) ás especies domésticas.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.



Estes ataques do xabarán teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabaráns, uns mamíferos con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista de Rianxo, considerando que é preciso encarar esta problemática e buscar solucións acidas, presenta esta **MOCIÓN diante do Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos da fauna salvaxe nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:**

O Pleno da Corporación insta á Xunta de Galicia a:

1. Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un Plan de Xestión do xabarán, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.
2. Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, aumentando o número de batidas e incluso conceder esperas de noite, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos.
3. Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 8 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e seis abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## 13 ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000010 e identificado pola pegada dixital:

**-386921575**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>**